



LER
PARA
SABER

UN EWOK NO XARDÍN

PEDRO RAMOS



PREMIO EDEBÉ
DE LITERATURA
XUVENIL

rodeira

Actividades

rodeira



Actividades

ANTES DA LECTURA

1. Completa a ficha bibliográfica do libro.

Título:
Autor/a:
Editorial:
Fotografía da cuberta:
Ano de edición:
Lugar de edición:
ISBN:
Número de páxinas:

2. Antes de ler o libro:

* Observa o título, a que cres que se refire?

* Repara na portada, que relación pode ter coa historia que se conta no libro?

DURANTE A LECTURA

3. GIVE ME TEN. Responde as seguintes preguntas. Esta actividade pódese realizar individualmente, en parellas ou en pequeno grupo.

* Que relación teñen Zoe e David?

* Por que marchou Zoe da casa?

* David tópase cun personaxe ao que chama "tolo", por que cres que pasa un día enteiro con el?

* Que é o que lle dá Juan a David? Lembras o que lle di?

* Como se chama o gato? Por que cres que Juan se refire ao gato como "o teu gato"?

* Onde vive Juan? Como é a súa casa?

* Por que Juan vive só?

* Onde se atopa cos seus amigos e o seu ex?

* Como se comunica Zoe co seu irmán?

* En que lugar remata a novela? Por que?

4. Seguramente, na lectura apareceron palabras que non coñecías. Completa este encrucillado para aumentar o teu vocabulario.

* VERTICAL

1. Situación emocional de agonía, aburrimiento, abraio ou admiración, sempre coa sensación de estarmos diante de algo que nos estremece, nos supera, nos avasala.
2. Afrouxar, desunir e desconcertar as partes de algo que estaba e debía estar unido.
3. Pasividade, desinterese , falta de vontade.
4. Obxecto xeométrico no que unha mesma estrutura, fragmentada ou aparentemente irregular, se repite a diferentes escalas e tamaños.
5. Folla que nace do pedúnculo das flores de certas plantas, e normalmente difire da folla verdadeira pola súa forma, consistencia e cor.
6. Arbusto rubideiro suramericano da familia das nictaxináceas, con follas ovais ou elípticas, brácteas de diversas cores e flores pequenas.

* HORIZONTAIS

1. Acción e efecto de trastornar.
2. Dise dunha persoa ou cousa que non xera grande influencia na súa contorna pola súa pouca importancia. Sen graza, eslamiado.
3. Terreo ermo, chairo e sen abrigo.
4. Cousa inútil, Pouca ou nula importancia de algo.
5. Nome común dunha planta.
6. Que foxe e se esconde da xente.

1				2															6		
		1																			
2										5											
															4						

5. Prepara unha exposición oral de cinco minutos que responda a unha destas dúas preguntas:

- Que cres que significa para David "o home do xardín"?

- Que farías ti se foses Zoe?

* Escribe as ideas que che axudarán na túa presentación: (Podes botar man dunha ferramenta tecnolóxica para a súa elaboración).

6. A noticia é un texto non literario no que se relata un feito. Para escribir unha noticia é moi importante:

- Seleccionar información sobre o feito que queremos narrar.

- Redactar a noticia con precisión, coidando a ortografía e a puntuación.

* Escribe unha noticia para a web do colexio que dar visibilidade unha realidade cada vez máis común entre os adolescentes de hoxe.


NOTICIAS

7. Fotomatón

A actividade consiste en debuxar un compañeiro de clase, para iso colocaranse nunha caixa ou bolsa uns papeis cos nomes de todos os estudantes da clase. Cada un saca un papel co seu nome, (cambiade o papel no caso de que colla o seu propio nome). Antes de comezar a debuxar o/a compañeiro/a que nos tocou, debes ter claro como é a outra persoa, que cousas lle gustan e que non. Despois colgaranse os debuxos coma se dunha galería se tratase.

Cada estudante terá que observar e situarse debaixo do que crea que é o seu. O autor do "fotomatón" explicará o seu debuxo e un trazo ou característica da persoa que retratou.

Finalmente pechamos cunha conclusión conxunta. Que pensan e perciben os demais de min? Coincide?



8. Cales son os pensamentos negativos?

Son os que non se corresponden coa realidade. Cando estamos sós cos nosos pensamentos, podemos crear un estado de ánimo. Se os pensamentos son bos, o meu humor mellora, se son negativos o meu estado de ánimo empeora. Ás veces, podemos crear pensamentos enganosos que damos por certos, pero que non o son.

Nesta actividade propoñémosche que escribas pensamentos positivos para compensar os pensamentos negativos. Para iso, en pequenos grupos ou en parellas, lede os 10 mecanismos para crear pensamentos erróneos e transformade estes pensamentos en positivos.

Derramei o refresco sobre a miña parella. Son gafe, sempre estrago todo o que toco.

Os rapaces non reparan en min, son moi baixa.

Mamá, Paloma contou o meu segredo. Non podo confiar en ninguén. Todo o mundo engana.

Suspendín 3. Nunca conseguirei aprobar. Os profesores téñenme manía, por moito que me esforce...

10 mecanismos de pensamento errado

MECANISMOS	DEFINICIÓN	ENUNCIADOS TÍPICOS
HIPERXENERALIZACIÓN	Extraer conclusións xerais incorrectas a partir dun feito ou detalle concreto.	Todo o mundo... Sempre... Ninguén...
DENOMINACIÓN GLOBAL	Facer afirmacións simplistas que dean unha visión distorcida de si mesmo.	Son un... Son moi...
FILTRADO NEGATIVO	Ver as cousas reparando só no negativo.	Isto está mal... e isto... e isto... e isto...
PENSAMENTO POLARIZADO OU MANIQUEO	Ver as cousas como totalmente boas ou totalmente malas.	Son totalmente... É totalmente...
AUTOACUSACIÓN	Sentirse culpable de todo, sexa ou non responsable do que pasou.	Non sei como, pero tíñoa que ter evitado... Sempre o estrago todo...
PERSONALIZACIÓN OU AUTOATRIBUCIÓN	Sentir que o que pasa ao teu redor sempre está en relación cun mesmo.	Estou seguro de que se refire a min... Díxoo por min...
PROXECCIÓN	Crer que os demais ven as cousas como un mesmo.	Por que non facemos isto, ao meu irmán gústalle... Teño frío, ponte un xerseí...
HIPERCONTROL	Pensar que todo está baixo o noso control.	Podo con todo...
HIPOCONTROL	Pensar que nada está baixo o noso control.	Non podo facer nada... Pasará o que teña que pasar...
RAZOAMENTO EMOCIONAL	Utilizar sentimentos, prexuízos, simpatías ou antipatías para valorar a realidade.	Non me cae ben, entón faino mal... É xenial, entón está ben...

9. «As palabras simplifican a realidade ata unha explicación lóxica. A linguaxe converte a realidade en ficción. O antídoto é o sentir. Pero o sentir doe. Non se pode sentir todo o tempo».

As présas impídennos que dediquemos tempo a nós mesmos, sentir e escoitar o que o corpo nos di. E se o temos, o que sentimos vai coloreado segundo os nosos pensamentos. Convidámoste a que te deas un tempo para ti.

- Ponte cómodo e pecha os ollos.
- Que sentes? Onde os sentes? Toma un tempo para SENTIR.
- Sobre iso que sentes, venche á mente algunha imaxe?
- Esa imaxe diche algo?
- Escoita o que di o teu corpo e pensa agora no que che dixo o teu corpo.

COLOR	SÍMBOLO
Ponlle cor ao que sentiches?	Que símbolo che vén á mente?
IMAXE	
Que imaxe lle puxeches ao que sentiches?	



Io. Ao longo da historia, o autor nomea outros autores e outras historias. Busca información sobre eles. Animámosvos a explorar estas bibliografías e afondar nalgunha delas. Cita algunha recensión (*María Zambrano, filósofa, "Si Árbol de Diana" de Alejandra Pizarnik ou "Infinite Jest" de David Foster*)

II. Visualiza este vídeo EDEBE. Que relación atopas entre o vídeo e esta historia? Que che suxire?

- <https://www.youtube.com/watch?v=fMSezPwq2js>

12. Ao longo da historia, o autor comparte varias frases que deixan pegada. Escribe aquelas frases que che fixesen pensar, que te conmovesen ou que te marcasen. Se hai unha frase que che impactase, por que cres que foi?

13. Entre as mensaxes que escribe Zoe atopamos estas. Escolle dous e reflexiona sobre eles.


- Unha mensaxe inesperada. Unha frase inspiradora:
«Se cambias o que fas todos os días, cambias a túa vida enteira».
- «Estou fronte a min mesmo- Son un eu moito máis grande que me colle polos ombreiros e me di: es pequeno»
- «As feridas que se abren e non se pechan non poden converterse en cicatrices».
- «As nosas accións determinan quen somos e o sentido das nosas vidas».

* Que cres que significa esta mensaxe?

* Por que cres que llo di?

* Por que cres que escolliches estes dous?

14. Hai frases difíciles de explicar con palabras, animámoste a debuxar o que che suxiren estas frases que aparecen ao longo da historia.



15. «A cidade é como un vello coche asmático».

Que personaxe di esta frase? Que cres que quere dicir con ela? Os autores utilizan recursos literarios para captar a atención do lector. Que tipo de recurso literario é?

16. As etiquetas e o efecto Pigmalión. Tes etiqueta? Etiquetaches a alguén? Cales son os beneficios de etiquetar as persoas? Cres que é ético?

- 17.** O home deulle un caderno engurrado e un bolígrafo e díxolle “Escribe aí o que pensas, o que fixeches e o que sentes”. A intención do home era que David se detivese a pensar no que sente o seu corpo, levándoo primeiro ao corazón. Unha vez localizado e sentido, dámoslle aire e levámo-lo ao pensamento. Dáte un tempo para ti mesmo e fai este proceso. Que che parece se escribes sobre o día de hoxe?



18. O rap é algo así como poesía que non é poesía, nin rimas cantadas. Hoxe son moitas as persoas que se deixan levar polas experiencias que viven e, en moitas ocasións, utilizan o rap como forma de protesta, de expresión da dor ou de sufrimento. escoita este rap "Aprende a valorarte", autor Grilex.

- <https://www.youtube.com/watch?v=ljKx5LjZTSo>

- * Que che removeu? Que che parece? Cres que pode axudar as persoas que estean a buscarlle o sentido á súa vida?

- * Que frase ou expresión foi máis significativa?

DESPOIS DA LECTURA

19. Despois de ler o libro, responde as seguintes preguntas:

* Por que cres que o autor o titulou así? Suxire outro título.

* Explica coas túas propias palabras a intención do autor ao escribir este libro.

* Deseña unha nova portada (debuxa, corta e pega fotografías...)



* Este relato recibiu o Premio Edebe de literatura xuvenil. Crees que merece ese premio? Por que?

* Despois da lectura do libro, sorprendeche esta historia? Por que?

20. Na historia, Zoe falará de Goethe e o seu personaxe Werther, e como existe un final alternativo para esa novela. Escribe un final alternativo para esta novela?

- 21.** Ao longo da historia, Zoe escribe numerosos correos ao seu irmán, pero non mostra ningunha resposta de David á súa irmá. É a túa quenda! Escribe unha carta ao autor da novela onde mostres o que sentiches ao ler esta historia.



A large, empty rectangular box with rounded corners, intended for writing a letter to the author of the novel.